

BASES DO DESFILE DE COMPARSAS E DISFRACES

Primeira.- A Delegación de Cultura do Concello de Monforte de Lemos convoca o concurso do desfile de comparsas e disfraces do martes de entroido que se realizará dentro do programa de actividades do Entroido monfortino o día 25 de febreiro de 2020.

Segunda.- As solicitudes de inscrición para a participación no concurso presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte dende o día seguinte á súa publicación na páxina web do concello, sendo o derradeiro día de inscrición o 21 de febreiro ás 14:00 h. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu atraso.

Haberá que levar un número de identificación para que o xurado determine as clasificacións. Dito número deberá recollerse na Delegación de Cultura do Concello de Monforte de Lemos unha vez realizada a inscrición.

Terceira.- No desfile de comparsas e disfraces do martes de entroido haberá dúas modalidades:

- *Comparsas e disfraces de Monforte*
- *Disfraces e comparsas de fora de Monforte*

Cuarta.- Na modalidade de *Comparsas e disfraces de Monforte* haberá un primeiro, un segundo, un terceiro e un máximo de tres accésits por categoría.

Se o xurado o considera oportuno poderá conceder dous primeiros, dos segundos ou dous terceiros premios, sempre que a suma total dos premios concedidos no concurso do desfile do martes de Entroido non supere os 9.500 €, que se aplicarán con cargo a partida 334.480.05, sen prexuízo de que o importe dos premios sexa inferior.

Tamén haberá premios ás tres mellores carrozas, así como premios á mellor comparsa tradicional, ao mellor humor, á mellor música en vivo, á mellor posta en escena e á mellor crítica de actualidade.

Quinta.- Os premios das comparsas de fora de Monforte non poderán superar os 1.200 €, que se aplicarán con cargo a partida 334.480.05, sen prexuízo de que o importe dos premios sexa inferior.

Sexta.- PREMIOS

COMPARSAS E DISFRACES DE MONFORTE:

* **Comparsas de máis de 90 compoñentes**

- 1.- 1.000 euros
- 2.- 650 euros
- 3.- 450 euros

* **Comparsas entre 25 e 50 compoñentes**

- 1.- 350 euros
- 2.- 200 euros
- 3.- 150 euros

* **Individual Adultos de 1 a 3 compoñentes**

- 1.- 100 euros
- 2.- 75 euros
- 3.- 50 euros

* **Comparsas entre 51 e 90 compoñentes**


- 1.- 450 euros
- 2.- 300 euros
- 3.- 180 euros

* **Comparsas entre 4 e 24 compoñentes**

- 1.- 200 euros
- 2.- 150 euros
- 3.- 120 euros

* **Premios de 100 euros a:**

- * Mellor comparsa tradicional
- * Mellor humor
- * Mellor posta en escena
- * Mellor música en vivo
- * Mellor crítica de actualidade



BASES DO DESFILE DE COMPARSAS E DISFRACES

* Premios ás carrozas

- 1.- 300 euros
- 2.- 150 euros
- 3.- 90 euros

* Individual Infantil de 1 a 3 compoñentes

- 1.- 90 euros
- 2.- 60 euros
- 3.- 50 euros

Os premios das categorías infantís serán en material didáctico ou deportivo.

* Accésits

- Máis de 90 compoñentes 240 €
- Comparsas de 25 a 50 com. 90 €
- Comparsas infantís 30 €
- Individual infantil 30 €
- Comparsas de 51 a 90 com. 120 €
- Comparsas de 4 a 24 comp. 90 €
- Individual adulto 30 €
- Ás carrozas 60 €

* Comparsas Infantís 4 compoñentes en diante

- 1.- 200 euros
- 2.- 120 euros
- 3.- 60 euros

COMPARSAS E DISFRACES DE FORA DE MONFORTE:

- 1.- 350 euros
- 2.- 300 euros
- 3.- 250 euros
- 4.- 200 euros
- 5.- 100 euros

Os premios serán indivisíbeis e poderán quedar desertos algúns deles, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

Sétima .- O xurado do concurso estará composto por:

PRESIDENTE: A Delegada de Cultura ou persoa á que designe.

VOCAIS: Persoas de diferentes ámbitos sociais, educativos e culturais de Monforte de Lemos.

SECRETARIO/A: O técnico de cultura do Concello de Monforte, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.


Oitava.- Criterios de valoración do xurado:

O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións, sendo os criterios a valorar os seguintes: a montaxe, a elaboración e os materiais utilizados, a orixinalidade e o interese etnográfico, o humor, a posta en escena e a utilización de música en vivo.

Co fin de que sexan obxectivas as cualificacións do xurado, cada criterio enumerado terá unha valoración mínima do 10% e unha máxima dun 25% da total da puntuación.

Novena.- A inscrición no concurso do desfile do martes de entroido implica a autorización de todos os participantes inscritos na posible difusión dos documentos visuais recollidos na realización da actividade. Documentos a utilizar polo Concello na súa páxina web, na elaboración de carteis, en folletos informativos ou outras posibles edicións municipais.

Décima.- O desfile de comparsas e disfraces do martes de entroido comezará ás 17:00 h na praza da Estación. Percorrerá as rúas Calvo Sotelo, Roberto Raamonde, Cardeal Rodrigo de Castro e finalizará na praza da Compañía.



BASES DO DESFILE DE COMPARSAS E DISFRACES

O xurado cualificará as comparsas na praza da Estación de 16:00 a 17:00 h. Os disfraces individuais concentraranse obrigatoriamente na praza da Estación ás 16:30 h, onde o xurado as identificará. Logo, tanto as comparsas como os disfraces serán cualificados por lugares indeterminados do percorrido.

O persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar o seu posto da orde a calquera elemento das comparsas que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, bengalas...), co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente.

Décima primeira.– Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Monforte de Lemos, a través dunha transferencia bancaria. Previamente será necesaria a presentación do certificado bancario cun número da conta do titular e xustificación nos termos sinalados nestas bases.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo segunda.– A decisión do xurado farase pública mediante a lectura da acta ao remate da concentración. A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable.

Contra a resolución definitiva que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, se o acto foi expreso ou de tres meses, ou ben directamente o recurso contencioso – administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado co Contencioso- Administrativo de Lugo.

Décimo terceira.– No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e de xeito supletorio na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no RD 887/2006 de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.